

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia por iniciativa dos seus deputados, Juan Carlos González Santín, Raúl Fernández Fernández e José Antonio Sánchez Bugallo, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

O 1 de xaneiro de 2002 entrou en vigor o Imposto sobre as Vendas Minoristas de Determinados Hidrocarburos, un polémico gravame que foi coñecido como "céntimo sanitario". O tramo estatal ascendía a 0,024 céntimos por litro, mentres que as comunidades autónomas que optaron por aprobar un tramo propio podían chegar a cobrar 0,048 céntimos por litro.

Entre 2002 e 2008, a Comisión Europea estudou este tributo ante as numerosas queixas presentadas por empresas e contribuíntes españois. Tras seis anos de espera, o Executivo comunitario declarou ilegal o "céntimo sanitario", pero os gobernantes españois fixeron caso omiso e seguiron aplicando este gravame durante anos.

A Sala III do Tribunal Supremo deliberou e votou recentemente os oito primeiros recursos contencioso-administrativos de reclamación de responsabilidade patrimonial do Estado polo Imposto sobre as Vendas Minoristas de Determinados Hidrocarburos, popularmente coñecido como "céntimo sanitario". O sentido do fallo é estimatorio dos recursos.

Estas reclamacións proveñen dunha sentenza do Tribunal de Xustiza da Unión Europea no caso do 27 de febreiro de 2014, que declarou que a lei que autorizaba o devandito imposto era contraria á directiva 92/12/CEE.

O texto definitivo das sentenzas darase a coñecer en breve pero a estimación dos oito recursos é moi relevante xa que os supostos estudados foran escollidos por ser representativos dos máis de 4.000 recursos

Grupo Parlamentario

chegados ao Alto Tribunal provenientes na súa maioría de empresas transportistas. Un dos argumentos recorrentes dos recursos era que Facenda marcaba uns requisitos que facían moi difícil obter a devolución. Por exemplo, respecto ao período no que se podía reclamar o diñeiro ou sobre os documentos que era necesario aportar para que Facenda dese por probado que se pagou o imposto.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Ao longo dos anos de aplicación do "céntimo sanitario", a Facenda nacional e autonómica conseguiu ingresos por valor de 13.000 millóns de euros. Con todo, as devolucións aprobadas ata agora limitáronse a recoñecer 2.000 millóns de euros, ao que se suman outros 1.000 millóns derivados da sentenza do TS.

En total, falamos dunha devolución que non chega ao 25 % e que apenas supón 3.000 millóns, menos da cuarta parte dos 13.000 millóns que conseguiu recadar Facenda con este polémico tributo que xa pasou á historia.

No caso das empresas de transportes, como teñen uns consumos moi elevados, por cada camiión poden chegar a reclamar uns 3.000 euros anuais unha cantidade moi importante.

Por todo o exposto e ante a nova situación que dá a razón os transportistas, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego para que adopte as medidas necesarias en coordinación coa Axencia Tributaria, co fin de facilitar a devolución inmediata das cantidades adebedadas aos contribuíntes que pagaron indebidamente o Imposto sobre as Vendas Minoristas de Determinados Hidrocarburos.



 Grupo Parlamentario

Pazo do Parlamento, 9 de febreiro de 2016

Asinado dixitalmente por:

Juan Carlos González Santín na data 09/02/2016 19:21:01

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Raúl Fernández Fernández na data 09/02/2016 19:21:14

José Antonio Sánchez Bugallo na data 09/02/2016 19:21:27

Jose Luis Méndez Romeu na data 09/02/2016 19:25:11